



NORMAS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SANTA COMBA

CURSO 2024-25

HORARIOS DA ESCOLA INFANTIL

1. Desde o 1 de setembro ata o 30 de xuño: 08:00 a 20:00 horas.

2. Os meses de xullo e agosto: 08:00 a 15:00horas.

3. Xornada de mañá: 08:00 a 15:00 horas.

4. Xornada de tarde: 15:00 a 20:00 horas.

5. Horario de comedor:

- 09:00 h: almorzo.
- 12:30 a 13:00 h: xantar nenos/as aulas 0-2 e 1-2 anos
- 13:00 a 13:30 h: xantar nenos/as aulas 0-3 e 2-3 anos
- 16:30 a 17:00 h: merenda nenos/as aulas 0-2 e 1-2 anos
- 17:00 a 17:30 h: merenda nenos/as aulas 0-3 e 2-3 anos

*No grupo de 0-1 anos respectaranse os horarios individuais, tratando paulatinamente de acercalos ás rutinas da Escola Infantil.

6. Horarios de descanso:

- Medio día: 13:00 e 13:30 horas.
- Tarde: 17:00 horas.*

*No grupo de 0-1 anos respectaranse os horarios individuais, tratando paulatinamente de acercalos ás rutinas da Escola Infantil.

7. Horarios de recollida e entrega de nenos/as:

Non se poderá recoller nin entregar nenos/as salvo casos xustificados e comunicados previamente ao equipo da Escola Infantil, desde:

- Pola mañá de 10:30 ata 12:00 (horario e atención educativa)
- Pola mañá de 12:30 ata 13:30 (horario de comedor).
- Pola tarde de 16:30 ata 17:30 (horario de merendas e descanso).
- Pola tarde de 17:30 ata 18:30 (horario de atención educativa).



8. Horario de atención ó público:

De luns a venres de 14:00 a 15:00 horas, (teléfonos da Escola Infantil 981-881188/696045191). Gardar o número de teléfono móbil nos vosos contactos para logo facer un grupo de difusión e así poder comunicarnos con vos.

CALENDARIO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

1. **O martes de entroido e o 5 de xaneiro** a Escola Infantil permanecerá aberta de 08:00 a 15:00 horas.
2. A Escola Infantil pechará os días que sexan **festividade local, os de nivel autonómico e nacional, así como o “Día do Ensino” e o 24 e 31 de decembro de 2024.**

Os meses de **Xullo e Agosto** a Escola Infantil permanecerá aberta de 08:00-15:00horas

PERIODO DE ADAPTACIÓN (Para os nenos e nenas de nova incorporación)

- Primeira semana continuada: 2 días ½ hora e 3 días 1 hora.
- Segunda semana continuada: 2 horas.
- Terceira semana: horario completo.

***O período de adaptación non poderán facelo nas horas de comedor.**

NORMAS DE CONVIVENCIA

1. Só se poderá cambiar o horario acordado, sempre que sexa motivado por modificación dos horarios laborais dos proxenitores/ titores, previo informe da empresa e sempre que haxa horario dispoñible.
2. Calquera tipo de modificación, tanto de horario, comedor ou tarifa, terá que ser posto en coñecemento do centro con antelación de 15 días.
3. Se un neno/a ten contratado media xornada, en xornada de mañá ou tarde, terá que estar na Escola Infantil obrigatoriamente nas xornadas de atención educativa.
4. As mensualidades serán entregadas ós usuarios a mes vencido, ditas mensualidades terán que ser domiciliadas (salvo casos excepcionais que deberán ser debidamente xustificados e valorados). Se algunha mensualidade é devolta polo banco o recargo será a conta da persoa usuaria.
5. Os nenos/as só poderán acudir á Escola Infantil **11 meses ó ano**. Deberá coller 1 mes de vacacións (mes completo ou quincenas do mesmo mes) que serán comunicadas con antelación mínima de 15 días. Neste caso descontarase no recibo do mes a parte proporcional (15 días ou mes completo). As vacacións dos nenos/as terán que ser solicitadas antes do **1 de Maio de 2025**.



6. Os nenos/as deberán traer:

- Unha muda completa para quedar na Escola Infantil, incluída unha chaqueta que será de uso exclusivo na Escola.
- Un mandilón.
- Unha gorra.
- Dous babeiros.
- Cueiros, toallíñas e crema.
- Un chupete con porta chupetes (uso exclusivo na Escola Infantil).
- Biberón (leite, cereais...)
- Unha axenda.
- Unha mochila.

7. **Todo isto terá que vir debidamente identificado co nome do neno/a.**

8. Os nenos/as deberán acudir á Escola con **roupa cómoda** (chándal ou similar). Non se lle cambiará a roupa salvo que vomiten, se mollen ou no que respecta ao control de esfínteres.

9. Os nenos/as **non poderán traer xoguetes á Escola Infantil** (o centro non se fai responsable da perda ou deterioro dos mesmos).

10. **Os nenos/as non poderán traer pinzas do pelo**, por risco de atragantamento.

11. Os nenos/as **non poderán acudir** á Escola Infantil se padecen algún tipo de **enfermidade contaxiosa** (conxuntivite, gastroenterite...) e deberán comunicalo no Centro e **traer o xustificante médico correspondente para poderse reincorporar novamente a Escola Infantil.**

12. Os nenos/as que teñan **febre** estando na Escola Infantil (máis de 37,5 °C) terán que ser recollidos, e non poderán asistir á mesma ata pasados 3 días.

13. Na Escola Infantil non se administrará **ningún tipo de medicación nin comida externa á Escola.**

14. Se o neno/a padece algún tipo de alerxia-enfermidade deberá comunicalo ó persoal da Escola Infantil, mediante un informe médico.

15. A inasistencia á Escola Infantil Municipal durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á **baixa do neno/a usuario/a no programa de gratuidade.**

***EXISTE LIBRO DE RECLAMACIÓNS Á DISPOSICIÓN DOS/AS USUARIO/AS**